

FOLLETO MISA CON NENOS

16 de xuño de 2024 T.O. 11 B

Marcos 4, 26-34: *“É a semente máis pequena e faise máis alta que as demais hortalizas”.*

Mensaxe: Regar a miña pequenez para crecer e ser acoledor



La pequeña semilla de Amor

que Dios pone en mí es su sueño de que crezca y sea acogedor.

Riégate y crece

**Regar a miña pequenez para
crecer e ser acoledor**

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: sede benvidos a esta celebración no día do Señor. Reunímonos como crentes, como Igrexa, para dar grazas a Deus e a escoitar a súa Palabra que nos orienta, ensínanos e anímanos na nosa vida diaria. Hoxe, as lecturas deste domingo 11º do tempo ordinario, convídannos a mirar ao que lle sucede ao pequeno gran de mostaza, que sementado no campo crece ata converterse nunha árbore forte e grande. Tamén o Señor sementa nas nosas vidas o don da fe para que deamos froitos abundantes. Acudamos ao bo xardineiro que é Deus para que faga xerminar, crecer e espertar o tesouro da fe nas nosas vidas dicíndolle: “Rega, Señor, a miña pequenez para crecer e ser acolledor”

(O Cartel de Fano deste domingo cunha cestiña de sementes).

SACERDOTE: No nome... – *Que Xesús, que é a semente enterrada que deu froitos de perdón e de salvación, sexa convosco.*

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: Nun momento de silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle que nos renove e nos perdoe.



- **Neno/a:** Por non ser máis entusiastas coas cousas de Deus. Por non ofrecer as nosas mans alá onde son necesarias para que Cristo siga falando e vivindo. **Señor, ten piedade de nós.**

- **Catequista:** Porque non nos damos conta de que o Señor segue sementando con amor e con paciencia a través de nós. **Cristo, ten piedade de nós.**

- **Pais:** Por crer que todo depende de nós cando é Deus o que fai xerminar e crecer a fe. **Señor, ten piedade de nós.**



Sacerdote: Deus, noso Pai teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Hoxe no evanxeo, escoitaremos en parábolas como crece o Reino de Deus, esta vez como o trigo ou a mostaza. Na lectura de Ezequiel, o Señor fai crecer dunha semente unha gran árbore, que todos poderán ver. E S. Paulo afirma que a nosa gran ambición non ten que ser outra que a de ser fieis ao Señor e vivir na súa presenza.

LECTURAS

EZEQUIEL 17, 22-24: *Eu exalto a árbore humilde.*

Isto di o Señor Deus: «Tamén eu escollera unha rama da cima do alto cedro e plantábaa; das máis altas e novas ramas arrincarei unha tenra e plantareina no cume dun monte elevado; plantareina nunha montaña alta de Israel, botará brotes e dará froito. Farase un cedro magnífico. Aves de todas clases aniñarán nel, aniñarán ao abrigo das súas ramas. E recoñecerán todas as árbores do campo que eu son o Señor, que humillo á árbore elevada e exalto á humilde, fago secarse a árbore verde e florecer a árbore seca. Eu, o Señor, díxeno e fareino.

Palabra do Señor.

SALMO 91:

É bo darche grazas, Señor.

2ª CORINTIOS, 5, 6-10:

No desterro ou na patria, esforzámonos en agradar o Señor.

MARCOS 4, 26-34: *É a semente máis pequena, e faise máis alta que as demais hortalizas.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús dicía ao xentío:

Xesús: -«O reino de Deus parécese a **un home que bota semente na terra**. El dorme de noite e levántase de mañá; a semente xermina e vai crescendo, sen que el saiba como. A terra vai producindo froito soa: primeiro os talos, daquela a espiga, despois o gran. Cando o gran está a punto, métese a fouce, porque chegou a sega».

Narrador: Dixo tamén:

Xesús: -«Con que podemos comparar o reino de Deus? Que parábola usaremos? Cun **gran de mostaza**: ao sementalo na terra é a semente máis pequena, pero despois de sementada crece, faise máis alta que as demais hortalizas e bota ramas tan grandes que os paxaros do ceo poden aniñar á súa sombra».

Narrador: Con moitas parábolas parecidas expoñíalles a palabra, acomodándose á súa entender. Todo llo expoñía con parábolas, pero aos seus discípulos explicáballo todo en privado

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

(Sacerdote): O mesmo que o labrador espera con ilusión os froitos da semente, tamén nós achegámonos ao Pai con fe dicindo:

-Que coidemos a túa semente, Señor.

1.- Para que a Igrexa semente en nós a semente da Palabra e do Reino. **Oremos.**

2.- Para que aprendamos a valorar as pequenas cousas, os detalles, os pequenos xestos que alegran a vida de tantos. **Oremos.**

3.- Para que construíamos o reino de Deus dando froitos abundantes de amor e fraternidade. **Oremos.**

4.- Para que saibamos valorar o esforzo de tantas persoas, sacerdotes, catequistas, grupos de pastoral, educadores, que nos van axudando a crecer e a acoller o don da fe, do amor, da solidariedade. **Oremos.**

5.- Para que a nosa comunidade parroquial sexa un lugar de encontro, de acollida e de cultivo dos valores do evanxeo. **Oremos.**

6.- Para que non enterremos as nosas capacidades e posibilidades, desenvolvámoas e poñamos ao servizo do reino de Deus. **Oremos.**

7.- Para que non nos desanimemos xa que nunca descubriremos o alcance das nosas obras, a capacidade e forza das sementes que sementamos. **Oremos.**

8.- Para que os que reciben a primeira comunión estes días e os seus pais experimenten a Xesús nas súas vidas e revitalicen a súa fe. **Oremos.**

(Sacerdote): Ven, Xesús, queda connosco, dámos calor e esperanza, dámos alegría e fe. Por XCNS. Amén.

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

- UNHAS SEMENTES:

Ofrecémosche, Señor estas sementes e dicémosche: Contigo, Señor, sementaremos ilusións e esperanzas nun mundo que chora perdido; alegría e fortaleza aos que caen na tristeza; amor ao ceo cando digan que Ti non existes; a túa presenza salvadora cando nos atopemos perdidos. Dános a alegría de saber que somos sementes do teu Reino.

PAN E VIÑO

Co pan e co viño ofrecémosche, Señor, o traballo de tantos que colaboran na construción do teu Reino de paz, de xustiza, amor. Que non nos cansemos nunca, que a nosa fe sexa grande e que sintamos que ti es o motor, a forza imparable.

O QUE QUERO SER

Señor: quero ser pastor que vele polos seus;
árbore frondosa que dea sombra ao canso;
fonte onde beba o sedento.

Quero ser canción que asolague os silencios;
libro que descubra horizontes remotos;
poema que desxee un corazón frío;
papel onde se poida escribir unha historia.

Quero ser risa nos espazos tristes,
e semente que prende no terreo ermo.

Ser carta de amor para o solitario, e berro forte para o xordo...

Quero ser pastor, árbore ou fonte, canción, libro ou poema...

Papel, risa, berro, carta, semente...

O que ti queiras, o que ti pidas, o que ti soñes,
Señor... iso quero ser.

(José M^a Rodríguez Olaizola).



6.- ORACIÓN DE GRAZAS

Sementes do Reino

Sodes sementes do Reino plantadas na historia.
Sodes boas e tenras, cheas de vida.

Téñovos na miña man e arrólovos e quérovos,
E por iso vos lanzo ao mundo: Perdédevos!

Non teñades medo a tormentas nin secas,
a pisadas nin espiños.

Bebede dos pobres e empapádevos do meu
orballo.

Fecundádevos, rebentade, non vos quededes
enterradas.

Florecede e dade froito. Deixádevos arrolar polo
vento.

Que todo viaxeiro que ande por sendeiros e
camiños,

buscando o perdido, ao vervos, sinta un toque e
poida amarvos.

Sodes sementes do meu Reino!

Somos sementes do teu Reino!

**DOMINGO 11º do
TEMPO ORDINARIO
FELIZ DOMINGO!**